


E SE PROBAMOS A SER BOOKTUBERS?

Todos sabedes de sobras o que son os “youtubers”, pero e os “booktubers”? En poucas palabras, denomínanse así a aqueles mozos e mozas que falan sobre libros e recoméndanos a outras persoas a través do *YouTube*. Investigade na rede e seguro que atoparedes exemplos (iso si, tede en conta que a maioría diríxense a un público de maior idade ca vós).

Pois ben, propoñémosvos unha actividade inspirándonos nesa idea e aproveitando a lectura das obras “**Nata y Chocolate**” (6º A) e “**El asesinato de la profesora de Lengua**” (6º B). Trataríase de que gravedes un breve vídeo no que saíades vós amosando o libro físico e explicando:



- ↳ Os datos básicos: título, autor/a, ilustrador/a, editorial.
- ↳ Un resumo do argumento (a historia narrada), facendo referencia aos personaxes (protagonistas e secundarios), aos espazos onde ocorren os feitos, etc.
- ↳ Unha valoración persoal: explica se che gustou (ou non) e por que, se che resultou fácil ou difícil entendelo, onde e cando o liches, etc.
- ↳ Por último, se o recomendarías (ou non) e a quen.

O vídeo non debería superar os cinco minutos. Por iso, recomendamos planificar antes nun borrador aquilo que vos gustaría contar. Estaría ben que lle pedirades axuda a alguén da casa para gravar, xa que pode ser divertido facelo xuntos. Trátase de algo *caseiro*, non profesional (non é preciso editar o vídeo para que saian textos, imaxes ou outras animacións).

Cando o teñades listo, enviádenolo aos nosos correos:

- 6º A: anosaclasep@gmail.com
- 6º B: esther.otero.fraga@edu.xunta.gal

Non imos subilo a YouTube (nin a redes sociais ou páxinas web) pero cando todo isto remate, poderemos velos na aula.

Seguro que vos quedará xenial!

As titoras de 6º